

# CONTOS CON CLASE

## *Volume 3*

1º ESO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES ALEXANDRE BÓVEDA (VIGO)

XUÑO 2017







*Lingoa que me enche a boca enteiramente*

*e coma un río enteiro me asolaga*

**Xosé Luís Méndez Ferrín**



# LIMIAR

---

Un ano máis presentamos as pequenas creacións do alumnado, esta vez do máis cativo do instituto. Estes rapaces e raparigas de 1º de ESO espertaron a súa imaxinación para compor unha mancha de relatos divertidos e arrepiantes a partes iguais.

Con certeza, unha pequena faísca, unha idea, ilumina de xeito rotundo o mundo interior do noso alumnado. A partir dela, cadaquén desenvolve a súa historia con absoluta liberdade.

Grazas a todos eles e grazas a todas elas por amosar un anaco do seu interior, por expresar na nosa lingua de forma tan radical as ondas e fousas que deixan pegadas na nosa memoria.

Síntome, con certeza, *obrigado* a seguir traballando por transformar o esforzo do alumnado en ferramentas que lles sirvan para o seu futuro.

*Muito obrigado.*





# A GAIVOTA MALPOCADA

---

ALOIA YI ÁLVAREZ PARADELA

Era cedo e, no solleiro, o tío Marcos da Portela tomaba o sol estarricado, petiscando tranquilamente un bocata de cogomelos grises. Como se olvidara o diñeiro na fiestra pagárao coas pérolas do colar da súa avoa, sacándoas doa a doa; el non se ía poñer o colar, entón, para que conservalo? Ademais, era unha forma de amolala; nunca lle caera ben. Ela fora quen lle dera varias labazadas nas fazulas. E iso que era asisado, o que pasaba é que sempre que a vían andaba no maio. Rifáballo moito para que deixase de gabear as árbores. A avoa, o seu gato tíñao ao abeiro e calquera falcatruda que fixese, que eran moitas, eran culpa de outro. Normalmente acababa sendo culpa do tío Marcos, menos mal que en troca os seus pais tíñanlle cariño e lle botaban a culpa ao avó, que xa era careco e dicían que se lle ían as ideas. Aínda así era o familiar que máis devecía ver. Espreguizouse e, mentres estaba aboubado, unha gaivota que pasaba por alí, ao ver aquel pucho vermello, confundiuno cun chourizo e baixou en picado a collelo. Unha viruxe espertouno completamente. A gaivota foi a un sitio lonxe daquel homiño que lle soltaba improperios e baixou a unha zona valada onde varios raparigos xogaban e parolaban á vez. Fuxiu xalundes, non lle importaba, iso si, lonxe do homiño. Era o patio dun instituto. O instituto Alexandre Bóveda. Mais a gaivota dáballo igual, só quería perder de vista o home que a perseguía a fume de carozo. Mastigou e intentou esmagar aquela cousiña vermella perante os nenos, mais ao final non lle pareceu tan gorentosa. Os rapaces mandaron a bóla xusto ao lado da gaivota que, alporizada, alzou o voo. Todos quixeron saber que era o que deixara e achegáronse curiosos. Rapazas e raparigos colleron o pucho e déronlle varias voltas, preguntándose de quen sería. Ao final alguén concluíu que sería dalgún profesor.

-Xaora, mais de quen? - deu a preguntar outro.

Unha rapaza, divertida co misterio, dicía que eran marcianos que se lles caera. Outro, deu en pensar que estaban a axexar o instituto e, nervioso, caeulle a boina nun pequeno recuncho de sucidade. Case todos os presentes deronlle os parabéns e aplaudiron ironicamente. Avergoadado, foi onda a fonte limpala dunha que outro lixo de po. E, nunha dobra, descubriu unhas misterosas iniciais cosidas.

-Eeeeeemeeee....punto, Pppppeeeeeeeee, punto. M.P., mmm? – descifrou o rapaz

-Que é o que murmuras? – preguntáronlle

Ensinoulles as iniciais e todos volveron amurmurar e a fantasiar coma antes.

-Dígovos que foi un marciano, vedes? Eme de Marciano e pe de...de...Pedro ou Pablo, vedes? Vedes? –volveu insistir a rapariga

-Aaaaah! – berrou un rapaz, o que pensara que era un espía – Claaro, Misterioso Personaxe, ou non?

-Dende logo que ten máis sentidiño que o outro, mais... un espía? Para que? – preguntoulle o que tirara a bóla

- Mirade, máis ben, o que vós dicides que é un pe pode ser un te, e logo, non hai un profesor con esas iniciais no instituto? – propuxo unha rapaza

- Quen... como? Ah! Si, dános a nós, é o profesor de bioloxía Miguel Trigo – dixo un de primeiro da ESO

-Tamén podería ser da nosa profesora de francés Mercedes, ou non? – dixo alguén do fondo, tamén de primeiro

-Eu que sei, se comezamos a especular sobre todos os mestres que empezaron por eme... – dixo a rapariga do marciano, que seguía suxeita a aquela ilóxica opinión.

Daquela apareceu un home acalorado, amoucado e fatigado que quixo que lle devolvesen o pucho malia que o pobre quedara en moi mal estado. Mais os nenos, desconfiados, preguntáronlle como se chamaba para ver se coincidía coas iniciais. Ao ver que coincidían os nenos, aínda que con desgana, tiveron que darlle o pucho. Que, agora que o vían, pareceuselle máis a un borrarcho de fíos que a unha peza de vestir.

-Aínda ben que te atopei – murmurou o señor

O home contentísimo, tanto que choutaba de xúbilo, non se deu de conta de que, mentres se defendía de que nin era un marciano nin era un espía, unha gaivota observábo inqueda. Que facía coa súa larpeirada? Ía papala? Por suposto que non llo quitaría da boca, mais nas mans... e fiuuu! Adeus pucho. A gaivota aproveitando que unha rapaza lle estaba a buscar antenas verdes ao velliño, baixou e repetiu a acción. Viu un valado idéntico con raparigos e pousouse xa tranquila. Os rapaces non puideron evitar unhas gargalladas: uns botábanse ao chan, outros agarraban a barriga e outros choraban da risa. Mentres, o homiño volvía a perseguir a gaivota. E volta a empezar.

🇮🇪 O tío Marcos da Portela, foi a primeira publicación periódica monolingüe en lingua galega.



# A NEVE

---

## PALOMA COUTO MONTENEGRO

Era un día calquera do mes de xaneiro, ía moito frío, mais o ceo estaba claro. Eu estaba na clase de galego, escoitando as explicacións. A pesar de ter a calefacción acesa e ir abrigada, dábame a sensación de estar na rúa a primeira hora da mañá. Malia ter moito frío, atendín como puiden. Quedaba xa pouco para que soase a campaiña para o recreo. Soou. Corremos cara a porta e nun abrir e pechar de ollos ficou a clase baleira.

Saín cara ao patio coas miñas amigas. Non había moita xente, xa que a maioría preferiu ficar dentro. Estabamos de pé, preto do ximnasio, todas tremendo co frío. Cando quixemos darnos de conta, comezou a poallar. Apresurámonos a entrar no instituto. Pareime onda a porta, xusto antes de entrar. Estendín a man e entón decateime de que era auganeve. Fiquei alí, vendo o patio deserto e caéndome auganeve por riba. Pouco a pouco a neve comezaba a callar. Mentres tanto, no chan comezou a se formar unha lene capa branca. Axeonlleime para a tocar, estaba fría, no entanto, non me importou.

A xente que quedara dentro das aulas asomaba a cabeza para observar este acontecemento. Porén ninguén saía, só era eu a única que estaba alí. Vía como nevaba e volvíase todo branco. De súpeto, escoitáronse berros e deime a volta. Era a xente, que xa tardaba moito en saír a ver este espectáculo. O silencio rompeuse e comezaron a chamarse uns polos outros, a deitarse no chan, a facer anxos de neve, batallas de bólas, bonecos de neve... Fiquei un tempo mais fitando cara ao ceo e, ao final, uninme á barafunda.

# A GRANDE AVENTURA

---

## AROA POMBO GONZÁLEZ

Tegra abriu os ollos e, aínda emparvecida, fitou con certa intriga unha tenda de roupa moi diferente á que habitualmente ollaba dende o seu cuarto, coa cachola sobre a almofada da súa cama. Esta vez, no escaparate da tenda había varios manequíns vestidos con saias, camisolas, pantalóns... Porén non era isto o máis rechamante da vestimenta, senón as peúgas con estampados semellantes: algunhas con cogomelos, outras con vagalumes ou fermosas bolboretas, e para os máis pequenos estaban cheas de cores con debuxos de buxainas ou axóuxeres. Tamén impresionaban os zapatos de taco. Outro manequín, levaba un pixama a raias cunhas babuchas a xogo.

Pasado un tempo Tegra ergeuse, almorzou, peiteou o cabelo e preparouse para ir visitar aquela tenda. No entanto, unha banda de mozos timbraron na súa porta preguntando por un neno chamado Xoán, eles xurarían que vivía naquel andar, mais tras ouvir as respostas da rapariga marcharon na procura do seu amigo. Tegra estaba desconcertada, non podía dúbida que aquilo era algo moi estraño e aínda por riba, xusto cando ía saír da casa, deuse de conta de que as chaves da súa nai non estaban na fechadura. Tamén non na súa mesa de noite. –“A miña nai marchou da casa”- foi o primeiro que cavilou Tegra cando se deu de conta da situación. Mais non podía agardar na casa sen facer nada. Tiña que ir explorar aquela tenda, ou procurar axuda? Estaban a acontecer cousas moi infrecuentes, tería que chamar á policía? Finalmente a nena decidiu saír á rúa e levou unha grande decepción ao observar como todo mudara. A panadaría daquela rúa non era a de acotío, na que todas as mañás mercaba o pan e agasallabána cun “croissant”. Ao carón do seu edificio había unha zapataría no lugar dunha tenda informática. Nin sequera a xente era a mesma, agora xa comprendía aqueles rapaces. A nena non sabía que facer, ninguén a comprendería. Sentíase apesurada, lembraba a derradeira vez que ollara a face da súa nai, xamais o esquecería. De súpeto albiscou unha muller que semellaba ser Rosalía de Castro. Non o podía crer! Estaba no pasado, no século XIX onde falar galego no tiña prestixio ningún? A Tegra gustaríalle ter unha foto xunta ela. Os seus compañeiros quedarían abraiados. Ese ano ían facer unha obra de teatro sobre Rosalía e quizais deste xeito conseguiría o papel principal. Mais todo isto só eran pensamentos, tiña moita vergoña e, polo que semellaba, esta muller aínda non era recoñecida como tal.

Tempo despois lembrouse da tenda de roupa e dirixiuse cara a ela. Non había ninguén, estaba baleira. Entón, comezou a probar unha chea de calzado. Entre outros, unas botas de pel negras. Nada máis collelas, abriuse unha segunda porta, que daba paso a un labirinto sinistro e escuro, polo que Tegra tirou unha lanterna do peto da súa mochila e foi pescudar aquilo. Ía amodiño e algo aterrecida. Os seus pasos eran silandeiros. Co medo, esvarou e... naquel intre abriu os ollos. A súa nai estaba ao seu carón e díxolle que ía chegar tarde á escola. Xa levaba tempo a tentar espertala e por fin o conseguira. Estaba a piques de perder a paciencia. Tegra, algo aloulada, fitou con certo interese a tenda que ficaba ao outro lado da beirarrúa e aledouse ao comprobar que era a cafetaría que coñecía desde había doce anos.

# O HEROE DAS PLUMAS DO ARCO DA VELLA

---

## MARTA ÁLVAREZ MAQUIEIRA

Hai algúns anos, nunha illa tropical no sur do Océano Pacífico, vivía un fermoso paporrubio moi xeitoso que tiña unhas plumas polas que todos os demais paxaros sentían envexa.

Cada unha desas plumas era dunha cor distinta, o que lle daba unha especial fermosura.

Un día de choiva chegaron á illa uns cazadores que viñan capturar todas as aves para levalas a América e vendelas ao mellor ofertante. Despois dunhas horas, que para os paxaros foron interminábeis, todas as aves foron atrapadas nunhas gaiolas de metal e levadas nun enorme barco, que partiu da illa xa no luscofusco.

Todas, menos o paporrubio, que xa albiscara os cazadores de lonxe e conseguira esconderse, e ía perseguindo o barco voando sobre el coma un papaventos.

Despois do solpor, conseguiu entrar na sala de máquinas e desconectou o motor principal. Isto provocou que todos os mariñeiros espertasen e fosen ver que acontecía.

Deste xeito, entre o balbordo que se montou, o paporrubio aproveitou para tentar abrir as gaiolas dos seus amigos, mais nese intre un dos cazadores descubriuno e tratou de cachalo. Mais o paporrubio saíu voando por unha das trapelas e acurrunchouse detrás dunhas enormes pipas cheas de viño.

O cazador pensou que fuxira, así que todos volveron de novo aos seus camarotes a descansar.

Á mañá seguinte atracaron nun peirao e os cazadores desembarcaron para procurar un transporte que puidese levar as aves ao seu destino. No barco ficaron dous mariñeiros que para pasar o tempo comezaron a fumar un xaruto.

O paporrubio viu que tiña unha oportunidade, así que aproveitando a distracción colleu as chaves das gaiolas e co seu peteiro comezou a abrir as gaiolas dos demais paxaros, que saíron voando rumbo á súa illa.

Porén, cando estaba abrindo a derradeira gaiola, os mariñeiros descubrírono e atrapárono. De súpeto, decatáronse de que aquel non era un paxaro calquera e pensaron que o poderían vender a moi bo prezo.

E así foi, xa que se trataba dunha rara especie en perigo de extinción, pola que un dos zoolóxicos máis importantes do Brasil pagoulles unha chea de cartos.

O paporrubio pasou o resto da súa vida no zoo de Río de Janeiro, e aínda hoxe na illa contan a súa lenda, e chámano “o heroe das plumas do arco da vella”.

# O NADAL COA FAMILIA

---

**CARLA FREIRÍA LORENZO**

Despois de moito esforzo e de estudar cada día as materias, conseguín unha boa cualificación nesta avaliación, así que xa tocaba recoller o caderno con todos os apuntamentos, o estoxo e o arquivador e dispoñerme a deixar a tarefa de estudante por uns días.

Estaba moi ilusionada, xa que ía viaxar para reunirme con toda a familia e celebrar o Nadal. Eu non coñecía o novo enderezo da avoa mais papá si.

Mentres papá procuraba aparcadoiro, eu fixábame en todo aquilo que vía pola rúa: carteis publicitarios, a casa do concello e até ollei algún rañaceos. Cando por fin baixamos do coche cruzamos a estrada polo paso de peóns até chegar á rampla que nos levaba á casa da avoa.

É unha casa moi fermosíña, cun gran farol na entrada que iluminaba todos e cada un dos recunchos do xardín. Seica fomos os primeiros en chegar, polo que só saíu a recibirnos a avoa. A súa aperta foi tan grande que sentín coma se milleiros de persoas me abrazasen.

Deseguido amosounos a súa nova casa. Era moito máis grande ca que tiña, xa que a ela gústalle que toda a familia estea preto dela.

Mostroume o meu novo cuarto que ela decorara especialmente para min. Tiña unha cama con lenzois de flores, unha mesa de noite cunha lámpada, e unha fiestra con vistas ao xardín. Deixei a miña maleta nun recuncho e ao meu queridísimo boneco Teddy encol da cama e dispúxenme a esperar a que chegase o resto da familia.

Xa están todos aquí! Baixo correndo para saudar os meus curmáns. Xa que o meu tío é viúvo teño moita curiosidade por coñecer a nova madrastra dos xemelgos. Non falta ninguén, estamos todos listos para a cea de Noiteboa.

# A ECLIPSE

---

## MARTA ÁLVAREZ MAQUIEIRA

Aquel era un luns normal, coma calquera outro. Porén, era diferente.

Notábao no tempo, nas nubes, nas olladas das persoas arredor de min, e mesmo nos cereais do leite que almorzara na mañanciña.

Ía ser un día moi agardado por min, xa que era a eclipse solar que a miña mellor amiga e mais eu levabamos esperando dende había xa seis meses.

A eclipse tería lugar xusto na hora do segundo recreo; por iso, a cuarta hora, cinco minutos antes de que soase a campaiña, non era quen de estar sentada no pupitre.

Cando soou a campá que indicaba a hora do recreo, todos os cativos da miña clase e mais eu non parabamos de choutar de ledicia e de botar aturuxos.

Cando todos os nenos e nenas do colexio xa estaban reunidos no patio, os mestres comezaron a repartir uns cristais especiais para poder ver a eclipse sen mancármonos os ollos.

Cando xa todos estabamos agardando o intre no que o sol fose tapado pola lúa, o ceo comezou a tornarse vermello coma unha papoula e todos ficamos abraiados.

Comezamos a berrar, porque o sol comezara a ocultarse pola lúa e nese tramo no que a sombra da lúa sobre o sol semellaba unha xanela, de súpeto comezaron a saír dragóns a esgalla. Mais, para a miña sorpresa, ninguén semellaba estar aterrecido.

Os dragóns comezaron a baixar a ducias do ceo e moitos deles sentaron sobre o tellado do colexio, xusto enriba do fallado.

No entanto, incrivelmente, un fermoso dragón de cor dourada e que, ademais, expulsaba unha aura perigosa, mais, ao tempo, pacificadora, sentou xusto no centro da esplanada e comezou a fitarme cos seus ollos verdes coma esmeraldas.

Case sen me decatarse, comecei a andar cara a el e xusto no intre no que ía pousar a miña man sobre a súa testa, espertei.

# MEU AVÓ

---

## ALOIA YI ÁLVAREZ PARADELA

Meu avó vivía nunha parroquia dunha aldea perdida nunha montaña non moi lonxe do mar. Era lampo, repoludo, de ollos ruzos, un pouco encorvado pola idade e había quen dicía que era un pouco sandeu. Os pais do meu avó eran de boa familia, estudou solfexo, tocaba a arpa, fora sancristán da parroquia e ía para cirurxián. Era aventureiro e arrevesado, e acabou de polisón nun barco mercante cara a Indonesia. Dicían que cun látego vencera monstros asasinados, tamén que arraxara unha avaría con orchata; que só requiriu gasosa para cruzar un labirinto... A verdade é que meu avó era toda unha lenda. Todas as noites contábame cousas do país no que aprendera a cociñar. A miña nai dábanlle noxo as súas mesturas, o maxestoso polbo á feira con pebidas de chocolate branco, a coxa de polo con zume de limón, a famosa vitela con cogomelos e mel, a garrafa de bechamel, sal e espaguetes batidos e espremidos... A miña mestura favorita era ravioli recheo de pan relado e amorodos. Meus pais compraban bocatas para non ter que comer nada diso. Lembro que coa desculpa de que a auga do río era ruza, meu avó e mais eu percorríamos quilómetros no serán para ollar a nosa faciana nunha poza que era como un espello. Despois, aterreciamos de medo para volver, porque xa era de noite. Tiñamos que atravesar unha fraga moi mesta, porque as pólas dos carballos estaban enguedelladas unhas con outras. O carreiro entraba na fraga por un lugar especialmente escuro, semellaba a boca moura dunha cova. Cando finalmente chegamos á casa, deixamos as puchas no colgadoiro, collemos os peúgos e sentamos a carón da lareira, mentres un moucho birollo, que era amigo de meu avó, nos fitaba dende a fiestra. Meu avó era amigo dos animais e na súa casa non había cancelas nin trenlas para amarralos. Andaban ceibes e eran felices, coma min cando ía visitar meu avó.



# UNHA DESACOUGANTE DESAPARICIÓN

---

## AROA POMBO GONZÁLEZ

Ía ser a hora de marchar ao recreo e todos os alumnos, incluíndome, estabamos inquedos. Semellabamos uns bulideiros ou, como diría a miña avoa: “Parés que teñen formighas andándolle polo cu!”

Todos escoitáramos o vibrar do sino. Antes de saír ao patio, entre o balbordo da clase, amañei a mesa e tirei a parva da mochila. Eran tres bolachas con pebidas de chocolate. Mmm... con certeza succulentas, só había que degustalas!

Despois fun onda as miñas amigas e saímos a gozar do noso tempo de lecer. Eu quedara de atoparme con Bríxida nas canastras, así que en compañía de Candela e Xoana, dirixímonos cara a alí. Agardamos un anaco, mais naquel intre xa non podía máis. Algo anómalo estaba a acontecer. Bríxida é de palabra, era sospeitoso que aínda non aparecese alí. Entón, veume ao caletre o que estiveramos a falar na hora de galego:

- Nenos –dixo o mestre- sabiades que onte tentaron secuestrar unha rapariga do colexio Celso Emilio Ferreiro?
- Si, eu decateime, finalmente non o acadou. Agora están na procura deste posíbel raptor.
- O que quero dicir con isto é que tedes que andar con moito coidado e...

De socate, a suor escorreume pola tempa. Estaba a asocialo todo. E se raptaran a Bríxida? E se o conxerse era o seu cómplice? E se...? Candela e Xoanadetiveron os meus pensamentos cando estaba a piques de divulgar a miña estarrecedora cábala por todo o instituto enteiro:

- Aroa!, Aroa!, esperta, estamos aquí! –berra Candela-.
- Que é o que acontece? Ficaches pampa!

Despois disto, co gallo de contarlles a Candela e Xoana as miñas conxecturas, aínda ben que xa non ficaba tan desacougada. No entanto, todas estabamos de acordo en que algo lle tivo que acontecer a Bríxida e a miña especulación non podía estar tan afastada da realidade.

O primeiro que fixemos foi pescudar os posíbeis accesos ao instituto. Non había ninguén, só o conxerse na porta principal. Dirixímonos por segunda vez ás canastras. Malia non

atoparmos nada do que puidésemos sospeitar, tivemos unha hipótese. Segundo nos contaran, o conserxe era un home algo peculiar. Borboriñaban que, por mor do falecemento da súa dona, era un home antipático e enfastiábao calquera comentario dos nenos. Tras consultar isto coas miñas amigas pensamos que o conserxe tiña que ser o cómplice do secuestrador. Non había outra opción, de xeito ningún puido o raptor entrar no instituto. Só nos faltaba pescudar cando, como e onde se cometeu este crime. Porén, soou a campá. Estabamos a piques de subir ás aulas cando fitei unha rapaza que ficaba en conserxaría. Albisquei ao lonxe, así que, como non lograba distinguir aquel rostro, achegueime. Era Bríxida! Aconchegueime máis a ela e deille un forte apreixo. Díxome tristeira que lle doía o estómago, que estivo dende o comezo até o final do recreo na latrina e que sentía non terme avisado para que non agardara como unha apaiolada nas canastras. Aclareille que non estaba asañada e ela explicoume que estaba en conserxaría para chamar ós seus pais e retornar á casa. Despedímonos cun bico e marchei á clase.

No camiño, a miña imaxinación fixo que pensara que o conserxe lle dixera a Bríxida que mentise con ese conto para que ninguén sospeitara de... Xaora, iso non podía ser certo, só canfurnadas de cativos, baseadas na falta de acontecementos realmente abraiantes nas nosas vidas.

# PECHADOS NO INSTITUTO

---

## JAVIER GARCÍA REY

Xa estaba a piques de rematar o recreo cando, como de costume, uns nenos facíanse pasar por xenios.

-Observade todos -di Xacobe- 3...2...1...final do recreo!

-Vaste quedar rouquén como sigas berrando -di Xoana susurrando-. E mira que tes un rouco volume de voz. E, ademais, non acertaches. Que bo adiviño! Bah, eu vou ver se me dá tempo a petiscar algo na cantina...

-Podes ir xacando, bardante a carón de min -búrlase Brais-.

-E todos podemos cometer algún lapsus! -berra, a seguir, Xacobe.

Os nenos fican apoiados na baranda e todo é absoluto silencio até que Xosé se pregunta:

-Xa debería de tocar a campaiña, non si?

-Xa cho dicimos unha morea de veces. Tocaré cando toque.

Os nenos, que levaban un anaco de tempo esperando, observan que empeza a chover a cachón.

-Miña nai! Que maneira de chover! E agora que facemos? Ficamos aquí como aparvados ou imos mudar até dentro?

Os nenos fican ollando emparvecidos o vestíbulo.

-Non pode ser! Non atopei ningún profesor!

-E iso é unha mala ou boa noticia? -pregunta Helena, que odia o instituto (ou como o chamamos todos, "insti").

-De seguro están na cantina, verdade?

-Nin idea, imos pescudar.

Os nenos comprobán que a cantina está pechada.

-Nada... Xa o teño! A sala de profesores, de ningún modo pode estar baleira! - exclama Ana, a máis espelida da clase-.

-Ti! -con algo de dúbida- Xoa... Cande... e.... rapariga! Vai agora até a sala de profesores e eu irei até a aula de bioloxía - exclama a líder da clase-. Vémonos no "hall".

Cando volve a rapaza non vén con boas novas.

-Nada, no entanto, a porta estaba aberta mais ninguén estaba na sala. E ti que tal?

-Tamén non había ninguén na aula de bioloxía.

De súpeto, un neno arde de rabia coma un braseiro e grita:

-Xa estou a piques de estoupar! Se non vén ningún profesor eu volto á casa!

O neno empurra a porta mais, para o abraio de todos, tamén estaba pechada.

-Que demos? - asómbrase o neno-.

-Tranquilidade, o máis lóxico é coller o móbil e chamar ao 112 -di silandeiramente Rebeca-.

-Que loucuras dis! Que tipo de persoas pensas que son os estudantes? A ninguén se lle ocorrería traer o móbil –exclama Xiana, tan lonxe do mundo actual coma sempre-, as normas do centro prohíbeno.

Para o asombro de Xiana a maioría amosan os seus teléfonos.

-E...e...e.... Sabedes que? Malia non estar do todo convencida, só temos esa opción, non si?

Malia o que dixo Xiana, todos os presentes comezan a dicir os seus problemas, como: “Non teño batería”, “Acabáronse os datos da internet”, “Esquecín o meu contrasinal”, etc. (É que estes aparellos son unha bagatela).

Xacobe, como o canto dunha serea, empezou falar das súas espelidas ideas:

-E se imos á aula de informática e mandamos un correo coas computadoras? –pregunta Xacobe, xa que se lle acendeu a lámpada.

-Non, a porta está pechada.

-Porén, imos á procura das chaves da sala de profesores –di todo fachendoso Xacobe-.

-Certo!

O grupo de nenos vai contra o departamento coas chaves e, dende alí, mandan un gmail á policía cando...

-Ehhh! Sen conexión? Non pode ser!

-Que? Agora mesmo teño vontade de facer soar a campaña do demo! – grita Brais, o cal non é costume, xa que é o pregoeiro da clase-.

-Iso é! –grita atoladamente Rebeca, facendo que o son se escoite por todo o colexio-. Os profesores non nos dixeran que a campaña era o que *controlaba* o instituto? A cuestión é que se facemos soar a campaña as portas abíranse, non si?

E así foi. Cando o grupo fixo tocar a campaña, de súpeto, e se que a ninguén lle dera tempo a facer nada, só mirar aparvados, todos as luces acenderan e soou o *click* da porta salvadora.

-Abofé que o fixemos? –gritaban por alí-.

-Conseguímolos? Conseguímolos! –escoitáronse aturuxos por alá-.

-----FIN-----

**PRÓLOGO:**

**Voz de intriga:** Ao día seguinte ninguén foi ao instituto, lembraba un deserto. O mesmo pasou os seguintes días. Porén... non soa soa a campaña? Algo tivo que quebrar no mecanismo ou ... alguén o quebrou...

---AGORA SI, FIN---

OU NON?

# TÁBOA

|  |    |
|--|----|
| <b>LIMIAR</b> .....                              | 7  |
| <b>A GAIVOTA MALPOCADA</b> .....                 | 9  |
| ALOIA YI ÁLVAREZ PARADELA .....                  | 9  |
| <b>A NEVE</b> .....                              | 11 |
| PALOMA COUTO MONTENEGRO .....                    | 11 |
| <b>A GRANDE AVENTURA</b> .....                   | 12 |
| AROA POMBO GONZÁLEZ .....                        | 12 |
| <b>O HEROE DAS PLUMAS DO ARCO DA VELLA</b> ..... | 13 |
| MARTA ÁLVAREZ MAQUIEIRA.....                     | 13 |
| <b>O NADAL COA FAMILIA</b> .....                 | 14 |
| CARLA FREIRÍA LORENZO.....                       | 14 |
| <b>A ECLIPSE</b> .....                           | 15 |
| MARTA ÁLVAREZ MAQUIEIRA.....                     | 15 |
| <b>MEU AVÓ</b> .....                             | 16 |
| ALOIA YI ÁLVAREZ PARADELA .....                  | 16 |
| <b>UNHA DESACOUGANTE DESAPARICIÓN</b> .....      | 17 |
| AROA POMBO GONZÁLEZ .....                        | 17 |
| <b>PECHADOS NO INSTITUTO</b> .....               | 19 |
| JAVIER GARCÍA REY.....                           | 19 |





